

## RILLA-RILLA

### Un concurso para a rapazada de Xarope Tulú.

#### Sinopse

Donas e cabaleiras, señoras e señores, picarada toda...

Benvidas ao concurso sobre a lingua onde apañamos as palabras coma se fosen berberechos, onde o rotacismo forma parte da banda sonora e o seseo nos ha facer viaxar entre *valumada* . Se non oístes falar do *cínefre*, ou non sabedes o que é un *día de garabullos*, se nunca se pousou en vós unha *lagáchima*, andade atentas!

Abride ben os ouvidos e deixádevos levar por esta música de salitre.

Remangade ben o pantalón, que para apañar palabras é preciso mollar os pés!

Preparádevos para recoller eses vocábulos que case nunca medran nos libros.

Se queredes saber o que significa rilla-rilla, poñede atención...

O espectáculo vai comezar!

#### O Espectáculo

Rilla-rilla é un espectáculo de pequeno formato dirixido a todos os públicos, que tenta pór de manifesto a variedade dialectal do noso idioma. A través do relato irémonos mergullando nun mundo de rotacismos, un lugar con idiosincrasia propia que estivo aí sempre e ao que poucas veces lle poñemos atención. As ondas e o salitre hannos levar ao lugar das palabras esquecidas.

Rilla-rilla é un espectáculo dinámico onde o público pasa a ser protagonista desde o primeiro momento.

#### Características

Idades recomendadas: Público xeral a partir de 6 anos.

Funcións escolares: Educación Primaria.

Idioma: Galego